



# MEMORIA 2022

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL



RESPECTANDO  
a Diversidade  
*A TRAVÉS DA ACCIÓN*  
SOCIAL CONXUNTA

# Índice

---

- 1 PRESENTACIÓN
  - Xunta de Goberno
  
- 2 COMISIÓN E GRUPOS DE TRABALLO. Accións desenvoltas
  - Comisión Deontolóxica
  - Comisión de Infancia e Familia
  - Traballo Social e Educación
  - Traballo social e SAF / Mesa expertas SAF
  - Traballo Social e Inclusión
  - Traballo Social en Saúde mental
  - Traballo social e Feminismos
  - Traballo social e Exercicio libre
  - Mesa de profesionais expertas do Novo Modelo
  - Traballo social e Servizos Sociais
  
- 3 EIXES TRANSVERSAIS: Defensa da Profesión, Burnout e Autocoidado, Femismos e ética
  
- 4 EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN:
  - 4.1 Defensa da Praxe profesional
  
  - 4.2 Representación Institucional e participación Política
  
  - 4.3 Transferencia do Coñecemento
    - Formación
    - Revista Fervenzas
  
  - 4.4 Comunicación
  
- 5 SUBVENCÍONS RECIBIDAS (Reforma do local)
  
- 6 CELEBRACIÓN DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL

# PRESENTACIÓN

Esta Xunta de Goberno comeza o seu primeiro ano de andadura neste colexio profesional, nun ano cheo de aprendizaxe e de reivindicación por unha sociedade máis xusta e igualitaria nos diferentes ámbitos da vida, loitando polo desenvolvemento da nosa profesión sempre coa mirada desde as persoas coas que intervimos e ás que acompañamos.

Presentamos a nosa primeira memoria de actividades como Xunta de Goberno, con diferentes eixes transversais e fundamentais que marcaron este novo camiño: [A defensa da profesión](#) e a dignidade laboral das e dos Traballadores sociais, así como visualizar e previr o desgaste profesional e a [síndrome de Burnout](#); o [autocoidado](#) das e dos profesionais do social; os feminismos e a importancia da [perspectiva de xénero](#) en tódalas accións levadas a cabo desde o colexio; así como a [ética e a deontoloxía](#), tendo moi presente o garante da boa praxe profesional situándoas no centro do quefacer diario, ese é o noso ben específico e indispensable.


Asemade, neste ano continuamos co foco de atención no traballo conxunto, en colaboración co Consello Xeral, nun Novo Modelo de Servizos Sociais desde o Traballo Social, presentando as propostas do Traballo Social ao Anteproxecto de Lei de Servizos Sociais, o cal, xa está en trámite parlamentario. É preciso volver a situar o Sistema Público de Servizos sociais onde corresponde, tanto a nivel estrutural como funcional, e apostar por un escenario onde se sitúe á persoa, ao relacional e ao comunitario no centro de actuación, estando o Traballo Social máis presente que nunca.

O COTSG conta con máis de 20 anos de historia na comunidade galega, é un logro froito do esforzo individual de moitas/os compañeiras/os apaixonados pola nosa profesión. Desde o inicio, apostaron pola defensa dos intereses das e dos Traballadores sociais, cuestionaron as condicións estruturais que levan á exclusión social e á opresión e impulsaron iniciativas de cambio que nos situaron como profesionais referentes no ámbito social.

Todo este traballo é froito do esforzo, do compromiso e do traballo da colexiatura, das e dos integrantes da Xunta de Goberno e da equipa do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG). O noso profundo agradecemento ás e aos profesionais que nos acompañan, con gran esforzo e responsabilidade, nesta militancia e gran viaxe en defender a nosa profesión.

# XUNTA DE GOBERNO

---



O 15 de xaneiro de 2022 proclamouse a nova Xunta de Goberno cargada de novos propósitos que o Traballo social precisa. Esta nova equipa conta, entre os seus obxectivos, con defender e renovar os servizos sociais públicos, o impulso e presenza da profesión do Traballo Social noutros sistemas de protección social, a apertura de novos nichos de mercado e a participación do terceiro sector, todo isto coa firme convicción de afianzar a figura do Traballo Social como profesional do ámbito social.

A Xunta de Goberno do COTSG adhírese ao “Código do Buen Gobierno” do Consello Xeral de Traballo social.

O Código de Bo Goberno ten por obxecto establecer os principios orientadores, procesos e as normas de conduta que deben respectar os membros das Xuntas de Goberno dos Colexios profesionais, profesionais empregadas/os na organización e, en xeral, persoas ou institucións que manteñan colaboración estreita coa institución, na consecución da misión e o cumprimento dos valores coa máxima transparencia e eficacia.

# CÓDIGO DE BO GOBERNO

Esta Xunta comprometeuse ao Código de Bo goberno elaborado e pendente de revisión e aprobación pola Asemblea, ao cumprimento dos seus principios éticos de actuación nos cargos que poidan ostentar:



## Cumprimento deontolóxico

Defender os valores, principios e deberes recollidos no Código deontolóxico do Traballo social e na Declaración de principios da FITS



## Responsabilidade

No cumprimento das tarefas que nos correspondan ou sexan encomendadas. Asumiremos as consecuencias que se desprendan do cumprimento das tarefas encomendadas, sexan estas positivas ou negativas.



## Transparencia

Obramos polo interese da profesión dunha maneira aberta e promovendo a responsabilidade individual e o exemplo persoal.



## Integridade

Non aceptación de ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada; abstención en asuntos nos que a existencia dun interese persoal poida supoñer un conflito de intereses cos seus cargos; uso dos recursos e bens do COTSG con austeridade.



## Respecto aos dereitos Fundamentais e liberdades públicas

Non abusar da posición dos órganos de goberno para beneficio ou ganancia persoal. Non aceptación de ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada; abstención en asuntos nos que a existencia dun interese persoal poida supoñer un conflito de intereses cos seus cargos; uso dos recursos e bens do COTSG con austeridade.




## Respeto e calidez

Considerar a cada persoa como ser único, con intereses e necesidades e o compromiso dun trato amable e afable na atención e servizo derivados do cargo.

# 2. COMISIONS E GRUPOS DE TRABAJO

Os Grupos de Trabajo cumpren unha función de grande importancia dentro da nosa entidade. Entre as súas actividades destacan o asesoramento en materia formativa no campo traballado, aportacións para a Administración e estratexias que afectan ao Traballo Social, tales como a elaboración de Plans, análise e reflexións sobre a figura do Traballo social nos seus ámbitos especializados de actuación, aportacións a artigos, participación en entrevistas, xornadas e congresos, colaboración con outras entidades e creación de redes de traballo.

O COTSG nítrese das aportacións e experiencia das moitas e moitos profesionais, figuras CLAVES que teñen que visualizarse, recoñecendo o seu COMPROMISO e a súa labor co Traballo social.



# COMISIÓN DEONTOLÓXICA

Nº de casos: 1  
Nº de reunións: 1

A Comisión deontolóxica é un órgano independente adscrito ao Colexio Oficial de Traballo social que ten como finalidade promover o compromiso ético das/os profesionais do traballo social, así como velar polo cumprimento do Código Deontolóxico. Entre os seus fins está o de preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe profesional e promover a cultura e a formación na deontoloxía profesional.

Unha das liñas estratéxicas do órgano directivo neste pasado 2022 foi a de poñer en marcha unha **campaña de saúde laboral** denunciando a violencia institucional que están a vivir as e os traballadores sociais (inestabilidade salarial, falta de recoñecemento da profesión, salarios baixos e irregulares, etc.) repercutindo no deterioro da súa saúde mental (ver campaña en punto 3).

Para iso, en colaboración cos departamentos de Defensa da profesión e Comunicación, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Nota de prensa en medios de comunicación orientada á cidadanía, ao traballo social e outras profesións.
- Dirixir escrito ás Administracións públicas: Concellos, Xunta de Galicia, Sergas, Sindicatos.
- Participación nas Xornadas "Étic - App" Aplicación da ética na intervención social, organizada polo Comité de Ética do Consorcio de As Mariñas.
- Campaña en Redes sociais respecto á campaña de Burnout.
- Participación na II Xornada das Comisións Deontolóxicas de Traballo Social, organizada polo Consello Xeral de Traballo Social.
- Revisión das comunicacións achegadas.

**"Étic-App"**  
**Aplicación da ética na intervención social**

Mércoles 23 de novembro de 2022  
Edificio Liceo Betanzos

**PROGRAMA**

9:15h. Acolida das persoas inscritas.

9:30 h. Inauguración da xornada.  
José Antonio Santiso Miramontes, Presidente Consorcio As Mariñas.  
Lúa Sanguinido Álvarez, Directora do Plan Coordinador de Servizos Sociais. Consorcio As Mariñas.

9:40 h. Presentación do Comité de Ética en Intervención Social (CEIS) As Mariñas. Lorena González e Serezhabel Rodríguez, vogais do CEIS As Mariñas.

10:00 h. Conferencia. "Impulsando o bo trato na intervención social: Perspectiva Ética".  
Moderadora: Teresa Guerra, Secretaria do CEIS As Mariñas.  
Relatora: Marije Golkoetxea, Universidad de Deusto, CEIS de Bizkaia, Comisión Sociosanitaria de Comités de Ética de Euzkadi.

12:00 h. Pausa.

12:30 h. Boas prácticas na atención sociosanitaria.  
Moderadora: Virginia Alonso, Presidenta do CEIS As Mariñas.  
Participan:  
Elena Viqueira, Directora de AFAICD.  
Antonio Naya, Presidente do Comité de ética de ASPRONAGA.  
Ana Vilar, Vicepresidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e responsable da Comisión Deontolóxica.  
Paula Torré, activista en saúde mental e docente.

14:30 h. Clausura da xornada.  
María Barral Varela, alcaldesa de Betanzos

CEIS Comité de Ética en Intervención Social AS MARIÑAS

Consorcio As Mariñas

SERVIZOS SOCIAIS



# COMISIÓN DE INFANCIA E FAMILIA

Nº de reunións 2:

A Comisión de Infancia e Familia segue traballando a prol do sistema de protección co obxecto de reforzar as actuacións levadas a cabo:

- Artigo no BLOG: Menores de idade en situación de acollemento familiar noutros países. Reflexión da Comisión de Infancia e Familia do COTSG ([prema aquí](#))
- Nota de prensa co obxecto de trasladar o estado actual do sistema de protección en menores ([prema aquí](#)).
- Alegacións ao Decreto do "Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia".



- A coordinadora da Comisión de Infancia e familia do COTSG, Emma Seoane, presenta o documento que elaboraron: "Diagnose e posicionamento sobre a situación das políticas de protección de infancia, adolescencia e familia en Galicia", no XV Congreso Internacional de Infancia Maltratada.



## Campaña conxunta entre a Comisión de Infancia e o grupo de Traballo social en Educación.

O Traballo Social acompaña as crianzas dende múltiples sistemas, en diferentes situacións de vulnerabilidade, e ademais vela pola coordinación adecuada entre eles.

A participación das crianzas no seu propio proceso de intervención é esencial, así como tamén na configuración de políticas de protección social.

!!Seguen existindo diversas eivas, que se foron poñendo en evidencia dende este colexio profesional, polo que seguiremos loitando e reivindicando Xustiza social e procurando o benestar social das crianzas no día de hoxe e sempre co noso traballo diario.




# GRUPO TRABAJO SOCIAL EN EDUCACIÓN

Nº de reunións: 4

O Colexio Oficial en conxunto co Grupo de Traballo de Educación co compromiso adquirido neste tempo, apostou por poñer en valor esta figura para toda a cidadanía, ademais de seguir trazando liñas de colaboración coas demais comunidades Autónomas coas que contan con esta figura.

- Reunión coa Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e universidade ([prema aquí](#)).
- Campañas en Redes sociais para visualizar a figura do Traballo social no eido educativo.



- Reivindicación das prazas de Traballo Social que están a ser amortizadas nos Equipos de Orientación específicos, en colaboración con Defensa da profesión.

O Traballo Social é un apoio importante tanto nos centros educativos como no Equipo de Orientación Específico, pois **contribúe a abordar as situacións de vulnerabilidade sociofamiliar**, facilitando a **integración do alumnado** pertencente a minorías, detectando **situacións de risco** (maltrato infantil, abuso sexual, problemas emocionais, problemáticas sociofamiliares) e favorecendo a participación das familias.



- Creación de Pósters científicos para enviar ás ANPAS e centros escolares.

# GRUPO TRABAJO SOCIAL EN EDUCACIÓN

Nº de  
reunións: 4

## Algúnhas funcións do Traballo Social no ámbito educativo

Contribúe a previr, diminuír e detectar indicadores de risco que poidan xerar inadaptación social e escolar, facilitando a reincorporación do alumnado, a orientación para o profesorado e a información sobre os protocolos existentes



Apoio e seguimento individualizado do alumnado máis vulnerable



Comunicación directa entre o centro educativo, familias administracións e outras entidades



Participación na elaboración e implementación de programas específicos para dar resposta ás necesidades sociais e persoais do alumnado e das súas familias

Non a amortización de  
prazas de Traballo  
Social nos Equipos de  
Orientación Específicos



Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

# GRUPO DE TRABAJO DE SAF

Nº de  
reunións: 1

O obxectivo último nesta área é poñer en valor o Servizo de Axuda no Fogar, reformulalo cara ao futuro e visibilizar todas as súas eivas en prol da súa mellora.

A Xunta de Goberno estivo comprometida para contribuír e compartir as problemáticas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar tanto públicos como privados, traballar na creación de modelos, protocolos e ferramentas de traballo que contribúan a mellorar a xestión do servizo, realizar propostas ou modificacións para reclamar ás Administracións a nivel normativo e de inspección, valorar a situación laboral dos/as técnicos/as de xestión do SAF tanto a nivel de ratios como de funcións.

Dende o Grupo de Traballo de SAF foron elaborados varios documentos para visibilizar con maior claridade a problemática actual deste servizo, que son divulgados e actualizados cada ano:



Consideracións para a reformulación e mellora do Servizo de Axuda no Fogar



A verdadeira cara do SAF. Problemáticas, abusos e deficiencias dun sector en  
auxe

# MESA EXPERTA DE TRABAJO DE SAF

Nº de  
reunións: 1

Para o traballo de creación de modelos, protocolos e ferramentas foi creada a Mesa de Traballo de SAF, composta por 11 persoas, que traballou ata o momento no borrador dun modelo de ordenanza municipal que se axuste á realidade actual.

# GRUPO DE TRABAJO DE INCLUSIÓN SOCIAL

Nº de reunión: 2

O Grupo de Trabajo nace no 2021, cun obxectivo claro: consolidar, mellorar e reforzar o Sistema de Benestar desde os diferentes Sistemas de Protección (Educación, Sanidade, Servizos sociais, Emprego, Vivenda, Xustiza, etc.), quedando as prestacións como algo complementario e situadas no espazo e sistema que corresponda, ademais de:

- Poñer en valor a figura do Traballo social dos Equipos de Inclusión.
- Visualizar a problemática actual dentro do Consorcio.
- Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión social e co Consorcio para trasladar as eivas detectadas e propostas de actuación.
- Campaña en redes sociais.
- Análise da situación do IMV noutras comunidades autónomas.



# GRUPO TRABAJO SOCIAL E SAÚDE MENTAL

Nº de reunións: 3

O grupo de Traballo social e saúde nace no 2022 a proposta de compañeiras para dar resposta ás necesidades e demandas que se observan en saúde mental e para coñecer de primeira man todos os recursos da área. Actualmente está composto por entidades e organismos que directa, ou indirectamente, traballan en saúde mental. Os obxectivos acadados no 2022 foron os seguintes:

- Informar, divulgar e ampliar coñecementos da área de saúde mental.
- Visibilizar e dar a coñecer a situación da Saúde mental na sociedade.

En colaboración do departamento de Comunicación, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

# 1



O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e o seu grupo de traballo no ámbito da saúde mental súmanse as reivindicacións e visibilización das persoas con problemas de enfermidade mental e ás situacións que vivencian. Os seus dereitos deben seguir defendéndose colectivamente polo total da sociedade ata que se de a súa plena integración. Este colexio profesional e grupo de traballo reclaman medidas efectivas para conseguir a inclusión plena das persoas diagnosticadas con algún tipo de enfermidade mental. É necesario concienciar, sensibilizar e mobilizar á sociedade a favor dunha cultura cidadá máis igualitaria na que a discriminación por razón dunha enfermidade mental desapareza.

**Dende o COTSG e o grupo de Traballo Social na Saúde Mental esiximos que se promova:**

- **Deseño e implementación de máis recursos públicos** (de persoal, unidades e programas) para persoas diagnosticadas con algunha enfermidade mental, **en especial aqueles pensados e deseñados especificamente para persoas maiores de 60 anos.**
- **Mellora da coordinación entre consellerías**, asunción de responsabilidades e loita conxunta en prol da Saúde mental.
- **Maior atención e énfase na prevención de patoloxías mentais infanto-xuvenís.**
- **A creación dunha normativa específica en materia de saúde mental.**
- **Mellorar e optimizar o funcionamento actual do Plan Galego de Saúde Mental.**
- Reivindicar a **figura e funcións do Traballo Social dentro da saúde mental** como parte dunha atención integral.
- **Erradicar a estigmatización e fomentar unha mirada social inclusiva** dunha vez por todas sobre as persoas que teñen un diagnóstico de enfermidade mental e igualar o benestar psicosocial co resto da poboación.

**En Galicia hai máis de 80.000 persoas adultas con certificado de discapacidade por enfermidade mental**, sendo ésta a segunda causa de discapacidade despois da física. No mundo, a Organización Mundial da Saúde estima que o 25% da poboación terá algún problema de saúde mental ao longo da súa vida.

# 2



Ao mesmo tempo o Plan de Saúde Mental de Galicia Post COVID-19 (2020-2024), afirma con rotundidade que **"a atención á saúde mental na infancia ten que ser específica"**. A Carta dos Dereitos do Neno aprobada pola ONU en 1959 e ratificada polo Parlamento Español en 1990, outorga un papel protagonista as crianzas na sociedade, e recoñece que a infancia debe ser atendida nas súas necesidades cos coidados especiais que precise. Acorde coa Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección da infancia e a adolescencia "todo menor ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle concirnen".

**Neste sentido, non só debemos protexer ás crianzas e aos adultos, senón tamén a aquelas persoas que están vivindo a súa velez** e que de algún modo, veñen caendo no esquecemento cando a esta condición únese un problema de saúde mental. Estas persoas precisan de recursos específicos e dende logo debemos asegurarnos como profesión e como sociedade que vivan esta etapa vital con maior dignidade.

Sumado a todo o anterior, tal como recoñece a OMS, a pandemia da COVID-19 tivo un gran impacto na saúde mental das persoas, aumentado o número de casos detectados de risco de suicidio e/ou depresión, entre outros. O lema da Organización Mundial da Saúde para o día mundial deste ano é "Atención da saúde mental para todos e todas: fagámola realidade" e con este obxectivo damos traslado deste manifesto.

Asemade, resulta anacrónico ter que falar en pleno Século XXI sobre o estigma que aínda acompaña ás persoas con algún diagnóstico de enfermidade mental. **Dende o Traballo Social consideramos necesario e urxente acabar dunha vez por todas con estes prexuízos, que non só parten da sociedade senón tamén das administracións públicas, que seguen sen dotar de recursos suficientes a estas persoas, e sen velar, polo tanto, polo seu benestar persoal e social.**

O Traballo Social sempre vai da man da saúde mental, xa que loitamos para que as persoas teñan un acceso equitativo a unha atención en saúde mental de calidade, con todos aqueles recursos que sexan necesarios para vencer as desigualdades sociais que sofren día a día.

**O Traballo Social sempre da man da Saúde Mental**

# GRUPO TRABALLO SOCIAL E SAÚDE MENTAL

Nº de reunións: 3

Con Motivo da celebración do Día Mundial da Saúde, desde o COTSG celébrase a semana da Saúde Mental cunha serie de directos en Instagram con compañeiras que traballan neste ámbito.

A Saúde Mental debe estar no centro ¿QUE FACEMOS DESDE O TRABALLO SOCIAL NESTE ÁMBITO?

**SEMANA DA SAÚDE MENTAL NO COTSG**  
DO 4 AO 10 DE OUTUBRO  
FALADOIROS EN INSTAGRAM

**04/10/2021 ÁS 19:30 DIRECTO EN INSTAGRAM**  
**MARÍA JOSE NÓVOA RODRIGUEZ**  
Traballadora Social, Directora Técnica Xeral da Asociación de Axuda ó enfermo mental "A Mariña"

**06/10/2021 ÁS 19:30 DIRECTO EN INSTAGRAM**  
**MARÍA DOLORES (LOLES) ORTIZ MIRA**  
Traballadora Social no Programa de Saúde Mental do Centro Penitenciario Á Lama.

**08/10/2021 ÁS 19:30 DIRECTO EN INSTAGRAM**  
**GEMMA GONZALEZ PENDÁS**  
Traballadora Social na Asociación Pro Enfermos Mentais da Coruña (APEM)

**10 de outubro**  
**DÍA DA SAÚDE MENTAL**  
#OTraballoSocialDaManDaSaúdeMental

- Deseño e implementación de máis recursos públicos (de persoal, unidades e programas) en especial aqueles pensados e deseñados especificamente para persoas maiores de 60 anos.
- Creación dunha normativa específica en materia de saúde mental.
- Revisión da figura e funcións do Traballo Social dentro da saúde mental como parte dunha atención integral.
- Unha mirada social inclusiva.
- Mellorar e optimizar o funcionamento actual do Plan Galego de Saúde Mental.
- Maior atención e énfase na prevención de patoloxías mentais infantís-juvenís.

Campaña "POUCO SE FALA ..."

**POUCO SE FALA**  
DA IMPORTANCIA DA INTERVENCIÓN SOCIAL PARA UNHA ATENCIÓN INTEGRAL EN SAÚDE MENTAL  
#OTraballoSocialDaManDaSaúdeMental  
Grupo de Traballo Social e Saúde Mental do COTSG

**POUCO SE FALA...**  
da dificultade para ir a psiquiatría desde o rural  
#OTraballoSocialDaManDaSaúdeMental  
Grupo de Traballo Social e Saúde Mental do COTSG

**POUCO SE FALA...**  
da falta de alternativas residenciais para persoas con problemas de saúde mental  
Grupo de Traballo Social e Saúde Mental do COTSG  
#OTraballoSocialDaManDaSaúdeMental

Pouco se fala... do perxuízo das redes sociais na saúde mental dos adolescentes

#o traballo social da man da saúde mental

**Pouco se falta de...**  
A necesidade de coordinación Saúde mental, educación e traballo social para que a intervención precoz sexa efectiva

Pouco se fala da importancia do papel de enlace coa comunidade que realizamos os profesionais de Traballo Social no eido da Saúde Mental





# AS SEMENTEIRAS



A Xunta de Goberno crea este grupo de traballo co desexo de potenciar o activismo social feminista dentro do Traballo Social e co obxectivo de sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade, dun xeito máis lúdico e aberto para toda a comunidade do Traballo social, fomentando ante todo un estilo de vida que existe empoderamento e compromiso daquelas e aqueles que o practican e o difunden na sociedade.



**MULLERES FARO NO TRABALLO SOCIAL**

*Inspiración*  
Pioneiras  
Abriron o camiño ás novas xeracións

*Referentes*

8M SEMENTEIRAS

**MULLERES FARO NO TRABALLO SOCIAL**

*Nieves Pazos Díaz*  
37 anos na profesión

Traballadora Social sanitaria, con longo percorrido nun centro de planificación familiar e nun centro de saúde

Para as futuras traballadoras sociais:  
"Escolta, reflexión e acción hacia os e as usuarias"

8M SEMENTEIRAS

**MULLERES FARO NO TRABALLO SOCIAL**

*Luz Campello*  
33 anos na profesión

Traballadora Social sanitaria. Desde hai 10 anos dirixe o Servizo de Traballo Social do Área Sanitaria A Coruña-Coo. Moi relacionada co ámbito comunitario e cos Servizos Sociais, tamén coa iniciativa social, voluntariado e Asociacionismo.

Para as futuras traballadoras sociais:  
"Necesitamos traballadoras sociais con formación feminista, que miren o mundo desde a ollada valiosa das mulleres, que derriban a forza á mirada colaborativa"

8M SEMENTEIRAS

**MULLERES FARO NO TRABALLO SOCIAL**

*Mariam Ferreiro Vidarte*  
43 anos na profesión

Longa traxectoria nun centro de planificación familiar na Coruña, onde loitou por conformar o equipo multidisciplinar máis completo en Galicia naqueles anos.

Para as futuras traballadoras sociais:  
"Debedes estar ao día, actualizadas, saber que pasa no mundo. Se non coñecemos a realidade, non podemos facer o noso traballo"

8M SEMENTEIRAS

**MULLERES FARO NO TRABALLO SOCIAL**

*Ana María Rodríguez Seoane*  
44 anos na profesión

Traballadora social vinculada ao colectivo de persoas con discapacidade

Participou na montaxe de IMSERESO en Coruña, no ano 1973

Para as futuras traballadoras sociais:  
"Ilusión, creer no que fas e compromiso"

8M SEMENTEIRAS

¿Queres ver o Debate feminista do 8 M? prema AQUÍ

Cristina Ramallo - Avogada penalista e vicepresidenta de Amnistía Internacional Galicia

Luz Campello - Traballadora Social Sanitaria, formación en socioloxía, ética e feminismos.

Antía Pousa - Traballadora Social. Socia fundadora de Xeración S. Coop. Galega. Activista feminista na Marcha Mundial das Mulleres

Nazaré Otero - Traballadora Social especializada en criminoloxía e victimoloxía. Membro do grupo do COTSG: Traballo Social e Feminismos

# GRUPO DE EJERCICIO LIBRE

Nº de  
reunións: 1

Este grupo xa tivo un primeiro inicio no ano 2014, non sendo retomada a súa actividade ata marzo de 2019. Entre os seus obxectivos destacan: visibilizar novos nichos de mercado, compartir experiencias laborais no exercicio libre do traballo social e dar a coñecer a situación laboral dos/as traballadores/as sociais que exercen por conta propia.



- **"La emprendedora Social"**: Plataforma de formación e diferentes recursos relacionados co emprendemento social. <https://laaprendedorasocial.co/>
- **Fademur**: Organización que xestiona o acompañamento ao emprendemento a mulleres do rural en toda España. <http://fademur.es/fademur/>
- **"Federación de mujeres progresistas"**: Formacións e diferentes iniciativas relacionadas co emprendemento feminino: <https://formacion.fmujeresprogresistas.org/>
- **Fundación Ronsel**  
Ofrece formación, asesorías e acompañamento en todo o proceso de emprendemento. <https://fundacionronsel.org/>
- **Lanzadeiras e recursos de cada cidade en Galicia**  
Exemplo Vigo: "Vigo emprende" Servicio de acompañamento e mentorías. <https://vigoemprende.vigo.org/>
- **Directorio de emprendemento pertencente á Xunta**: aglutina premios, subvencións.
- **Igape. Instituto Galego de Promoción Económica**  
Aglutina diferente información sobre creación de empresas <http://www.igape.es/es/crear-una-empresa>

- **Asociación de xoves empresarios/as de Galicia**. Aglutina e coordina as actividades e iniciativas que se fan en toda Galicia, crean unha rede de networking e poñen en contacto emprendedores/as con ideas ou necesidades comúns, promoven vocacións empresariais entre a xente xove da Comunidade Autónoma de Galicia, fomentando a creación de empresas. <https://www.ajegalicia.com>
- **Web do Ministerio de trabajo e economía social**. [https://www.mites.gob.es/es/Guia/texto/guia\\_2/index.htm](https://www.mites.gob.es/es/Guia/texto/guia_2/index.htm)
- **Asesoría virtual para creación de entidades prestadoras de servizos sociais** (CD, vivendas tuteladas, SAF) <https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/asesoria-virtual-de-entidades>
- **Cámara de comercio da túa cidade**. Creación e viveiros de empresas, formacións, tramitación gratuita da alta de autónomo/a. [http://www.camarapvv.com/index.php?option=com\\_content&view=article&id=11&Itemid=43](http://www.camarapvv.com/index.php?option=com_content&view=article&id=11&Itemid=43)
- **Programas formativos para emprendedores/as** (Varios meses, diferentes partes de Galicia): <https://www.eoi.es/es/empresas/emprendedores/espacios-coworking>
- **Fundación Mujeres**: apoio ao emprendemento, mentorías e formación, Organización de diversos foros, obradoiros... para apoiar e visibilizar o emprendemento feminino. <http://www.fundacionmujeres.es/infoEntidads/view/1>

- **Espazo Coop** Céntrase no cooperativismo galego, como unha maneira de emprender. Formación, información e asesoramento en movemento cooperativista. <https://espazocoop.es/>
- **Rede Eusumo**. Rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento e o desenvolvemento da economía social. Con ela procura-se o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social. <http://www.eusumo.gal/que-e-rede-eusumo>
- **Erasmus xoves emprendedores/as**: Programa de intercambios transnacionais que ofrece a emprendedores/as noveis e persoas que desexan crear unha empresa a oportunidade de aprender de empresarios/as experimentados/as que dirixen pequenas empresas noutros países participantes <https://www.erasmus-entrepreneurs.eu/index.php?lan=es>
- **Atsel**. Asociación sen ánimo de lucro formada por un grupo de traballadoras e traballadores sociais repartidos por toda a xeografía española, heteroxéneo en formación e experiencias. <https://atsel.org>
- **Oficina do/a autónomo/a**. Xunta de Galicia <http://oficinadoautonomo.gal/es>



# MESA DE EXPERTAS DA LEI 8/2021

Nº de  
reunións: 2

Coa entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, xerouse a necesidade de dar resposta a varias cuestións que esta normativa expón.

Nesta mesa traballouse para definir o papel do Traballo Social nesta normativa, a formación adecuada para a súa aplicación e tamén dando resposta ás diferentes actuacións que se vaian dando desde as administracións públicas.

## GRUPO DE TRABALLO SERVIZOS SOCIAIS

Nº de  
reunións: 1

Os obxectivos principais do grupo de SS.SS. Comunitarios é visibilizar as eivas e necesidades existentes neste ámbito de traballo en todos os seus aspectos (laboral, técnico...), elaborar documentos modelo para a mellora da intervención, velar polos dereitos das persoas usuarias e analizar as novidades que vaian xurdindo.

Grazas ao grupo de traballo, moitas das accións realizadas a través do departamento de "Defensa da Profesión" veñen trasladadas polas integrantes do Grupo de Traballo social e Servizos sociais, profesionais que traballan diariamente a carón das persoas.

# GRUPO DO NOVO MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS

Nº de  
reunións: 2

A creación deste grupo nace por iniciativa do propio Colexio, sendo unha liña de traballo considerada como estratéxica e transversal marcada para esta Xunta de Goberno (ver Novo Modelo no punto 4). O grupo experto forma parte, como órgano asesor, da investigación a nivel autonómico que se pretende levar a cabo desde o COTSG seguindo as actuacións estatais do Consello Xeral de Traballo Social.

A diagnose e revisión do Sistema de Servizos Sociais actual e a aposta por un novo sistema que garanta os servizos sociais como dereito subxectivo e teña como pilar fundamental a intervención social é a finalidade última.

O grupo convócase por primeira vez en febreiro de 2021. Está formado por persoas expertas dos diferentes ámbitos do traballo social (saúde, SS.SS. Comunitarios Básicos, SS.SS Comunitarios específicos e especializados, Universidade...), que voluntariamente desexaron participar e apostar por traballar nun Novo Modelo de Sistema de Servizos Sociais. É un tema sensible e ambicioso cunha proxección a medio-longo prazo.

Os eixos estratéxicos fixados entre o COTSG e o grupo son os seguintes:

- Necesidade de lexislación clara e marco teórico estatal.
- Necesidade de orientar dun xeito diferente o Sistema de Servizos Sociais, cambiando a perspectiva de sistema totalmente desfasado.
- Malestar profesional.
- Intrusismo e devaluación de conceptos.
- Fomentar o sentimento de unión e pertenza ao colectivo.
- Poñer o foco de atención na esencia do Traballo Social.



Neste ano 2022 participaron na Proposta de Funcións e Competencias do Traballo social en España, iniciativa pioneira e ESENCIAL promovida polo Consello Xeral en conxunto coa Universidade de Huelva.

# 4. EIXES TRANSVERSAIS

Temas transversais en todas as liñas e actividades que se levan a cabo desde o Colexio Profesional

## DEFENSA DA PROFESIÓN

- Accións ante a Xunta de Galicia
  - Procesos selectivos, RPTs, dignidade laboral
  - Campaña de Burnout
  - Novo Modelo de Servizos Sociais
- 

## AUTOCOIDADO

- A Lareira Social: espacio de coidado para as e os profesionais do Traballo Social
- 

## FEMINISMOS

- Compromiso con poñer en valor a perspectiva de xénero no análise e tratamento das necesidades sociais
- 

## ÉTICA E DEONTOLOXÍA

- Necesidade dun COMPROMISO ético como Xunta de Goberno e labor pedagóxica ante a colexiación
-

# DEFENSA DA PROFESIÓN


O Colexio defende o noso exercicio profesional nas súas distintas áreas, velando pola profesión e polo **benestar do colectivo** na execución das súas responsabilidades profesionais, combatendo o intrusismo profesional e contribuíndo a unha maior profesionalización das súas persoas colexiadas. Así, crease un espazo onde se xuntan os esforzos de todo o colectivo como ferramenta de participación e de inserción das nosas formulacións e reivindicacións ante o conxunto da sociedade, sendo o portavoz para facer análises e propostas concretas ás Administracións.


Neste senso, o COTSG aposta pola mellora da praxe profesional, pola reclamación de todas as eivas detectadas nos diferentes eidos de actuación, por loitar contra o intrusismo profesional, por velar pola legalidade de bases e procesos selectivos, cobertura de prazas, incumprimento de ratios...etc.


A defensa da profesión lévase a cabo en conxunto coa Asesoría Xurídica do COTSG. O Colexio pon a disposición de todas as persoas colexiadas un servizo gratuíto de Asesoría Xurídica, que presta a Letrada Julia Álvarez Martín, para facilitar a orientación e asesoramento legal en asuntos relacionados co exercicio da profesión.


Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia cremos na importancia de coñecer de antemán tanto os nosos dereitos como as nosas obrigas, así como as posibles consecuencias xurídicas das diferentes actuacións que levamos a cabo diariamente no noso traballo, sendo fundamental contar cun asesoramento legal que evite ou minore os problemas ou inconvenientes que xorden con certa periodicidade no devir das diferentes relacións e actos aos que nos enfrontamos como traballadores e traballadoras sociais.


# DEFENSA DA PROFESIÓN

 Alegacións aos Xulgados de primeira instancia ante os requirimentos de Informes sociais respecto á Lei 8/2021 [\(+info\)](#)


 Alegacións á FEGAMP e á Consellería de Política Social, sobre un modelo de "Informe Socio-sanitario" que se remite con motivo da entrada en vigor da Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica [\(+info\)](#)

 Posicionamento do Consello Xeral sobre a Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, en colaboración coa vicepresidenta, e vogal do Consello, Ana Vilar [\(+info\)](#)

 Escrito á Consellería de Cultura, Educación e Universidade respecto ao "Protocolo de Prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco infanto - xuvenil" [\(+info\)](#)

 Publícase a Consulta Previa do Anteproxecto de Lei de Servizos Sociais a proposta do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, no que a entidade participa nas súas alegacións en colaboración cos Grupos de Traballo e Consello Xeral de Traballo Social.

 Alegacións ao Anteproxecto de Lei de Servizos sociais a nivel estatal

 O Colexio Oficial de Traballo Social da Galiza (COTSG) vén de denunciar a convocatoria por parte do Concello de Santiago dun proceso selectivo "en plena vaga da pandemia" e coa Galiza rexistrando "máximos históricos de incidencia". [\(+info\)](#)

# DEFENSA DA PROFESIÓN


- ✦ Posicionamento do Consello Xeral e do COTSG sobre a Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Para ver o documento prema aquí.
- ✦ Aprobada a Carteira de Servizos de Traballo social sanitario de Atención Primaria de Galicia, participando nela representate de xunta de Goberno, Isabel Fernández Lema.
- ✦ O COTSG reitera a cobertura da Xefatura de Traballo social na área Sanitaria de Ferrol ([+info](#))
- ✦ O COTSG solicita á Xunta de Galicia a aplicación de criterios uniformes para as persoas ás que afectou a compatibilidade entre a RISGA e o Ingreso Mínimo Vital (IMV). ([+info](#))
- ✦ O COTSG remite escrito á Xunta de Galicia respecto as prazas amortizadas de Traballo Social nos equipos de Orientación específicos.

*A regulación da orientación educativa en Galicia está recollida no Decreto 120/1998 do 23 de abril e na Orde de 24 de xullo de 1998.*

*Considera a orientación como un proceso que abrangue a toda a comunidade educativa e comprende todo o período de escolarización ata o nivel universitario. Comeza no nivel máis básico co papel do titor co seu grupo de alumnos, un nivel intermedio que sería o Departamento de Orientación, ambos dentro do centro educativo e un terceiro nivel que serían os servizos externos, o Equipo de Orientación Específico.*

**Se está na Lei por que non é unha realidade?**

**Non a amortización de prazas de Traballo Social nos EOE**




Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia

*"Os equipos de orientación específicos, que conforman os servizos externos de orientación, prestarán especial atención a:*

- **Deseñar ou promover o deseño de programas preventivos** para o axuste da intervención educativa á diversidade do alumnado.
- **Manter unha adecuada coordinación** entre as diferentes especialidades de cada provincia.
- **Facilitar asesoramento** aos departamentos de orientación no ámbito das funcións de cada especialidade.
- **Colaborar** cos departamentos de orientación nas propostas (ditames) de **escolarización** e nas de **flexibilización** da escolaridade.
- **Facilitar, en forma e en prazo, a información** que se demanda na aplicación informática drdoriente".

**Se está na Lei por que non é unha realidade?**



Decreto 120/1998 do 23 de abril e na Orde de 24 de xullo de 1998.

Artigo 5º

Formarán parte dos Equipos de Orientación Específicos:

- a) Un funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía, coa titulación de psicoloxía ou psicopedagogía.
- b) Un funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de psicoloxía e pedagogía, coa titulación de pedagogía ou psicopedagogía
- c) Un funcionario de carreira do corpo de mestres especialista en audición e linguaxe.
- d) Un traballador social e/ou educador social

# DEFENSA DA PROFESIÓN

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia vimos recollendo a preocupación da colexiación ante a nova reforma legislativa, derivada da aprobación e entrada en vigor da Lei 8/2021, xa que a necesidade do coñecemento profesional da disciplina do Traballo Social ante a valoración e o diagnóstico da situación e contorna da persoa usuaria, precisan dunhas medidas acompañadas dos correspondentes medios técnicos, materiais e sobre todo persoais, necesarios para evitar e colapsar o sistema de Servizos Sociais.

Ante esta situación, ao longo destes últimos meses este Colexio Profesional estivo negociando coa Dirección Xeral de Xustiza as propostas que se presentan nesta publicación co fin último de dotar aos servizos públicos dunha maior calidade. [\(+info\)](#)

## As propostas presentadas dende o COTSG tendo en conta esta realidade



1. **Creación de Oficinas de Atención Social nos Xulgados:** este colexio profesional, como corporación de dereito público, ten entre os seus fins colaborar coas distintas Administracións no ámbito das súas competencias, en virtude do cal, propoñemos á Dirección Xeral de Xustiza unha actuación conxunta para adoptar medidas inmediatas de carácter estrutural nunha situación, como a actual, que implica de xeito profundo a ambos organismos. En virtude do anterior, propoñemos unha liña concreta de traballo para vincular o sistema Xudicial cos sistemas de Servizos Sociais e Sanitario mediante a creación das Oficinas de Atención Social e a coordinación coa figura do Traballo Social. Sen dúbida, este modelo ofrecería un servizo público máis eficiente e eficaz nos xulgados e de moita maior calidade, máis aló do problema xurídico concreto que se suscite; ademais de complementarse o traballo xudicial co diagnóstico social.

3. Este Colexio profesional, desde a entrada en vigor do Real Decreto-Lei 11/2020 e da Lei 8/2021, recibe consultas frecuentes sobre cómo dar resposta a estas novas demandas; desde dificultades para poder asumir en tempos un informe social complexo desde os Servizos Sociais Comunitarios Básicos, cuestións técnicas e xurídicas ou diferenzas na estrutura dos modelos de informe social requiridos entre provincias, entre outras.

En relación a esta última cuestión, a suposta heteroxeneidade da estrutura dos informes sociais requiridos estase a valorar como un problema engadido para os/as traballadores/as sociais que están xa emitindo os mesmos. Actualmente, hai disparidade de criterios entre os distintos partidos xudiciais que dificultan a elaboración dun documento práctico e eficaz por parte das profesionais. Neste sentido, e para atallar esta problemática, **o Colexio conta cunha Comisión de Discapacidade, conformada por profesionais expertas/os neste eido, co obxectivo de elaborar un modelo específico de Informe social unificado para toda a Comunidade Autónoma.** Contar cun modelo plantexado por profesionais do traballo social desde esta mirada de coñecemento directo garantiza que sexa un instrumento técnico-científico clave na valoración de apoios das persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica e que cumpra co recollido na propia Lei.

## As nosas propostas ante esta situación:



2. **Colaborar na elaboración de protocolos que coordinen as distintas profesionais implicadas na elaboración de informes.** Sería preciso abordar o deseño de protocolos de actuación que coordinen ás e aos diferentes profesionais que interveñen neste proceso, isto é, profesionais do sistema de Servizos Sociais, do Sistema de Saúde, do Sistema Xudicial, etc, para establecer os procedementos de atención, coordinación, seguimento e derivación máis axeitados que permitan dar resposta ás necesidades específicas de xeito coordinado e integral. Neste sentido, o Colexio conta con profesionais expertas da Comisión de Discapacidade, representativas de todas as áreas nas que se traballa o seguimento e elaboración dos informes sociais, que poden contribuir positivamente na elaboración dos devanditos protocolos.

4. Resultaría imprescindible que se requira a **realización de cursos de formación impartidos dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, nos que ademais de ofrecer coñecementos técnico-xurídicos básicos, abarcaría unha aprendizaxe que permita adquirir a sensibilización e concienciación necesaria sobre aspectos sociais que afectan ás persoas usuarias;** marcándose como obxectivo que as e os Traballadores Sociais que pertencen ás Oficinas de Atención Social podan desenvolver as habilidades necesarias para levar a cabo un servizo e asesoramento integral e de coordinación efectivo.

5. Desde o Colexio considérase relevante a **participación na creación de Mesa/s de Coordinación ou Seguimento,** conformadas por representantes do sistema de Servizos Sociais, do Sistema de Saúde, do Sistema Xudicial, etc que permitan supervisar o progreso técnico das diferentes actuacións propostas (Oficinas de Atención Social, protocolo/s de coordinación, formación de profesionais, etc). O obxectivo destes órganos será facilitar a integración de resultados, velar polos obxectivos a acadar e os resultados esperados, así coma a xestión de incidencias e desviacións identificadas.



Eixe transversal

## Procesos selectivos, RPTs., dignidade laboral

# DEFENSA DA PROFESIÓN

A entidade levou a cabo un seguimento durante este ano dos/as traballadores/as sociais á cargo da Administración Local e autonómica, tanto no acceso aos postos que se convocan como nos dereitos que lles corresponden.

Para isto, revisáronse todas as convocatorias publicadas e velouse, como entidade de representación e mediante a interposición de recursos, polo cumprimento dos principios de acceso ao emprego público. [O número de actuacións levadas a cabo polo COTSG nesta liña ascende a 60](#) (recursos potestativos de reposición, escritos de recomendación, solicitudes de información...).

Os motivos que ten recorridos o Colexio de Traballo social nos procesos selectivos son os seguintes:

- Por non valorar os cursos de formación impartidos polo Colexio Profesional.
- Reclamacións relativas á titulación de acceso esixida para o posto de Traballo Social.
- Por vulnerar o principio de publicidade dos procesos selectivos ao non publicar as Bases da Convocatoria nun Boletín Oficial.
- Por unha incorrecta valoración da experiencia profesional.
- Pola esixencia, como requisito de acceso ao proceso selectivo, de posuír un vehículo en propiedade.
- Pola esixencia, como requisito de acceso ao proceso selectivo, de atoparse como demandante de emprego.
- Por establecer unha puntuación excesiva e desproporcionada á entrevista persoal.
- Por incumprir a lexislación relativa á protección de datos persoais.
- Por non determinar ou concretar as probas que se realizarán no procedemento selectivo.
- Por incumprir a taxa de reserva para persoas con discapacidade.
- Por establecer uns dereitos de exame excesivos.
- Por esixir achegar documentación compulsada para ser admitida a participar no proceso selectivo.
- Por non adecuar a categoría profesional do posto á denominación de Traballador/a Social.





Eixe transversal

## Procesos selectivos, RPTs., dignidade laboral

# DEFENSA DA PROFESIÓN



A relación de postos de traballo é o instrumento técnico que, incluíndo todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das Administracións Públicas, resulta **FUNDAMENTAL** para estruturar a súa organización, clasificar os postos de traballo existentes e determinar o seu contido para a selección e previsión dos mesmos, co obxectivo de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

De tal xeito, que un dos focos de atención neste 2022 foron as diferentes Relacións de Postos de Traballo publicadas tanto na Administración Local, como na Administración Autónoma:



**Alegacións** á nova Relación de Postos de Traballo aos diferentes sindicatos na mesa de negociación da Xunta de Galicia ([+info](#)) + **Recurso Potestativo de Reposición** ante a Dirección Xeral de Función Pública: RPT da Xunta de Galicia ([+info](#)) + Presentada demanda xudicial ante a Xunta de Galicia ante a RPT referente aos procesos de funcionarización.

O COTSG solicita á Xunta de Galicia que se proceda á Resolución definitiva do Proceso Selectivo para o Ingreso no corpo facultativo de grao medio da escala de Técnicos de Traballo social: tres anos sen que estea resolto ([+info](#)).

Recurso de Reposición presentado ao Tribunal do Concurso – Oposición na categoría profesional de Traballo Social do SERGAS ([+info](#))

Recursos Potestativos de reposición fronte a todas as bases das prazas de Educación familiar nas que exclúen a titulación de Traballo Social ([+Info](#))

# DEFENSA DA PROFESIÓN


Ante a actual situación de esgotamento da profesión do Traballo social na nosa comunidade, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ALERTA sobre a urxencia de adoitar medidas eficaces en materia de persoal dos Servizos Sociais que axuden a paliar a situación complexa de violencia institucional que está afectando con especial gravidade ás Traballadoras e Traballadores sociais, repercutindo na poboación usuaria do sistema público de Servizos Sociais do país.

Para previr ou paliar o desgaste é importante comezar a centrar a atención na saúde do/a profesional e ir definindo límites e marcando pautas sobre a nosa práctica persoal e profesional. En escenarios de incerteza coma o actual, é necesario achegar aos/ás profesionais a maior seguridade e control sobre o seu desempeño laboral e o seu estado emocional, é por iso que o COTSG solicita as Administracións Públicas que se proceda a adoitar todas as medidas pertinentes que permitan garantir a prestación duns Servizos Públicos de calidade mediante unha labor de control do cumprimento das ratios legais do persoal técnico e da seguridade laboral e emocional das e dos profesionais dos Servizos Sociais reducindo así o esgotamento.

Esta liña estratéxica foi un eixe transversal en todos os grupos de traballo e en todas as liñas de traballo que se realizaron desde o COTSG durante o ano 2022.



# DEFENSA DA PROFESIÓN



#ANosaSaudeTamenEEsencial

"As e os nosos usuarios merecen un profesional con condicións de traballo dignas xa que a falta de recursos, persoal, presión laboral, falta de seguridade laboral, cansazo, estrés, desgaste, burocracia excesiva e falta de recoñecemento profesional repercute na atención as persoas que é a esencia da nosa profesión e non o podemos permitir "



#ANosaSaudeTamenEEsencial

"En moitas ocasións facemos máis de fiscalizadoras que de persoas asertivas coa persoa usuaria"



A síndrome de burnout definiuse como unha resposta ao estrés laboral crónico

#EsgotamentoEnTraballoSocial



A tríade de síntomas principais da Síndrome de Burnout son:

- Esgotamento emocional
- Despersonalización, frialdade de cara as persoas usuarias
- Reducida realización persoal e falta de autoestima profesional

#OSindromedeBurnoutEnTraballoSocial 

A Síndrome de Burnout foi recoñecida como enfermidade profesional pola OMS

#ANosaSaúdeTamenEEsencial

Aínda así, **NON** está recollida dentro da listaxe de enfermidades profesionais en España



## "A lareira Social: Espazo de autocoidado"



# AUTOCOIDADO

O desempeño laboral do Traballo social con frecuencia implica a exposición a situacións potencialmente traumáticas e angustiosas, incluídas as historias das persoas en situacións de vulnerabilidade coas que traballamos. A exposición regular significa que existe un risco significativo de trauma indirecto e esgotamento, e o traballo social é unha profesión das que máis risco corren ante isto.

Para prever ou paliar o desgaste é importante empezar a centrar a atención na saúde do/a profesional e ir definindo límites e marcando pautas sobre a nosa práctica persoal e profesional. En escenarios de incerteza coma o actual, é necesario achegar aos/as profesionais a maior seguridade e control sobre o seu desempeño laboral e o seu estado emocional, así como o sentimento de equipo na loita conxunta para a abordaxe desta situación.

Polo tanto, ofrecemos na WEB un espazo con Boas prácticas actualizadas quincenalmente e obradoiros nos que experimentar o noso propio coidado.



# "A Lareira Social: Espazo de autocoidado"

## AUTOCOIDADADO



Obradoiros mensuais. O Obxecto principal é crear e ofrecer un espazo no que as e os Traballadores sociais teñan experiencias de coidado profesional á vez que teñan a oportunidade para traballar aspectos centrais da súa persoa que afectan á praxe profesional.





Eixe transversal



# FEMINISMO

Esta Xunta de Goberno está comprometida con poñer en valor a perspectiva de xénero na análise e tratamento das necesidades sociais, nas súas demandas e propostas para facer da convivencia persoal e social un espazo de igualdade, liberdade e solidariedade.

Pretende tamén crear un espazo de loita e debate, onde se potencie o activismo social feminista para sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade.

Consideramos que o Traballo Social ten que poñer en valor o seu compromiso en aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, de modo que denunciemos os escenarios de violencia existentes, e en particular o asasinato constante ano tras ano, de mulleres polo feito de selo.

Durante o ano 2022, participamos na primeira Guía profesional: Traballo social desde unha perspectiva de xénero, orientándose a enriquecer a disciplina desde unha posición social crítica, de xénero e feminista que propón un novo proceso contemporáneo de revisión, reposicionamento e cuestionamento dentro da profesión.

CONSULTA A GUÍA ([+INFO](#))



Prema [aquí](#) para ollar o WEBINAR realizado polo COTSG:

**O Dano Social e a súa relación coa Lei Si é Si,**

por Marta Simón Gil.

# ÉTICA

A pertenza á Xunta de Goberno do Colexio oficial de Traballo Social de Galicia, tanto para o desenvolvemento do respectivo cargo que ocupamos, como en relación coas funcións do conxunto do equipo do mesmo órgano de goberno, implica necesariamente un compromiso ético, que debe de ser suscrito por todas as e os profesionais integrantes da Xunta de Goberno. Igualmente, esta Xunta de Goberno está a traballar no seu propio Código de "Bo Goberno" para unha maior transparencia e compromiso nos cargos que ocupamos.



# EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN

## DEFENSA E BOA PRAXE PROFESIONAL

---

- Colexición Obrigatoria
- Cotas reclamadas
- Altas e baixas 2023

## REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E ACCIÓN POLÍTICA

---

- Representación exclusiva da profesión no seu ámbito territorial e a defensa dos intereses profesionais da Colexición.

## TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO

---

- Formación
- Revista Fervenzas

## COMUNICACIÓN

---

- Difusión das liñas estratéxicas e actividades levadas a cabo polo COTSG



# 4.1. DEFENSA DA BOA PRAXE PROFESIONAL

A colexiación é obrigatoria e única para aqueles/as profesionais que traballen para unha Administración Pública ou desempeñen a súa actividade profesional de forma privada. Colexiarse é un exercicio de responsabilidade de cada profesional e unha garantía de compromiso deontolóxico e de boa praxe profesional.

Do mesmo xeito, a colexiación é un dereito: o dereito á representación dos nosos intereses, á promoción do papel dos/as Traballadores/as Sociais na nosa sociedade e á ordenación do exercicio profesional.


En definitiva, o COTSG debe apostar por esta responsabilidade, traballando para defender a profesión e para que as persoas que se adican ao Traballo Social se sintan representadas.

## **CAMPAÑA DE RECLAMACIÓN DE COTAS IMPAGADAS**

Sendo a satisfacción das cotas e demais cargas corporativas, ordinarias ou extraordinarias, un dos principais deberes das persoas colexiadas tal e como establece o artigo 27.5 do Decreto 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, o Colexio profesional atópase facultado para esixir pola vía que legalmente corresponda o pagamento das cotas colexiais a quen non se atope ao corrente do seu abono (artigo 22 dos Estatutos), en virtude do que, durante o ano 2022 comenzouse coa reclamación das cotas debidas. Unha vez finalizados todos os intentos, reclamárase vía xudicial, segundo o procedemento recollido no Regulamento de Réxime Interno.


Ademais, queremos contar coa implicación e coa participación da cidadanía. A colexiación permítenos ordenar o exercicio da profesión garantindo que estes e estas profesionais colexiadas réxanse por unhas normas deontolóxicas fixadas pola profesión, o que supón unha salvagarda dos dereitos dos e as cidadás.

## [ ALTAS - BAIXAS 2022 ]



## [ ALTAS COTSG 2022 ]

Nº ALTAS POR CONCELLO



## 4.2. REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA

Esta liña é un dos principais fins do Colexio: a representación exclusiva da profesión no seu ámbito territorial e a defensa dos intereses profesionais da Colexiación.

Desde o COTSG queremos incrementar a influencia profesional do Traballo social, posicionándonos desde un enfoque colaborativo, nunha situación relevante tanto ás organizacións profesionais, ás universidades, ás Administracións e entidades.

Deste xeito, reforzamos a disciplina común desde os diferentes eidos especializados onde nos desempeñamos as/os traballadoras/es sociais. Os obxectivos nesta área serán:







- Reivindicación profesional con Administracións e grupos políticos.
- Presencia en órganos de representación o seguimento institucional.
- Colaborar en distintos órganos consultivos, consellos ou outros instrumentos de cooperación entre administracións.
- Xerar unha rede coordinada de participación con entidades de terceiro sector, tecidos asociativos, plataformas sociais, e cidadás en defensa do estado de benestar.
- Establecer acordos, convenios de colaboración con entidades e Administracións.

**Actualmente o COTSG forma parte do Consello Sectorial de Saúde de A Coruña, Consello Sectorial de Inclusión de A Coruña, Comisión de Violencia de Xénero de Ourense, Consello Técnico de Atención Primaria, Consello galego de Saúde, Consello Sectorial de Familia, Benestar social e Igualdade, Conselleiro Galego de Benestar social, Observatorio Galego de Violencia de Xénero, etc.**

Continuamos a ocupar espazos onde cremos que o Traballo social galego debe de estar, como nas Comisións de Reconstrucións socioeconómicas, representación no Sistema central de saúde, etc.

# REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA

## As relacións mantidas neste 2022 foron as seguintes:

-  O Colexio de Traballo Social mantén unha reunión coa Dirección xeral de Inclusión Social na Xunta de Galicia para tratar o seguinte:
  - Os cambios que se van producindo na nova Lei de Inclusión, na que se solicita conceder máis importancia á intervención social, reducir os procesos burocráticos unificando sistemas de soporte e a dotación de orzamento económico a través do Plan Concertado..
  - A implementación do IMV e a RISGA.
  - Modificación da Lei 8/2021 e o instrumento do Informe social.
  
-  A Coordinadora da Quenda de Garda, Nerea Fernández, acude ao Grupo de Traballo de violencias sexuais do Observatorio Galego de Violencia de Xénero.
  
-  A Coordinadora da Quenda de Garda, Nerea Fernández, acude ao Pleno do Observatorio Galego de Violencia de Xénero.
  
-  Xuntanza co grupo parlamentario do Partido popular da cidade de Santiago de Compostela para trasladar inxedanzas do COTSG.
  
-  A Xunta de Goberno mantén unha reunión coa Subdirección Xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos, da consellería de Cultura, Educación e Universidade. Na devandita reunión, celebrada onte día 15 de febreiro, tratáronse os seguintes aspectos:
  - Necesidade de tender pontes de enlace entre o Sistema social e o Sistema educativo como alicerce fundamental para as familias e o alumnado.
  - Análise das eivas sociais detectadas desde os grupos de Traballo Social en Educación e Comisión de Infancia e Galicia, así como a experiencia doutras Comunidades Autónomas.
  - Obxectivo de poñer en valor a figura do Traballo Social nos centros escolares e a figura de Coordinación de Benestar.
  - Propostas concretas desde os Equipos de orientación específicos e preocupación polas prazas de Traballo social nos EOE.
  
-  O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia réunese coa Xerencia do Sergas, para trasladarlle a necesidade de medidas que melloren a atención sanitaria mediante estratexias que aborden de xeito integral as necesidades das persoas, dende o contexto familiar, social e comunitario. (+info)

# REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA



O Tesoureiro, Antonio Doval, participa na mesa debate sobre Saúde mental organizado polo Colexio de Terapia Ocupacional de Galicia



A vogal suplente, Isabel Fernández, acude ao acto en Fonseca, Santiago de Compostela, “La ciencia tiene la mejor respuesta”, organizado polo Colexio de Medicina



Para ver o Artigo na Voz de Galicia prema [aquí](#).



Reunión coa Secretaría Xeral de Igualdade para tratar o Convenio da Quenda de Garda social en Violencia de Xénero.



A Xefa de Servizo de Traballo social da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, Celsa Perdiz, acude como representante do COTSG á inauguración da Oficina de Instrucións Previas na cidade de Ourense.



A vicepresidenta do COTSG e vogal do Consello Ana Vilar, e as vogais Elena Gómez e María Rosario Capelo, acoden á Asemblea Xeral do Consello Xeral



O secretario, Antonio Doval, acude á Asemblea Ordinaria de Unión Profesional, onde pon en valor a colexiación e os cursos formativos dos colexios profesionais nos procesos selectivos.

# REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA

- Participación no XXI Simposio da Rede da Renda Básica: Colocando a vida no centro, en A Coruña, baixo a representación da Traballadora social M<sup>a</sup>Xosé Vázquez coa ponencia: [O impacto da Renda Básica nas profesións do social](#)



- A vicepresidenta, Ana Vilar, participa no [Seminario Permanente de Dependencia, Políticas Sociais e Innovación](#) do ICCA-UCM cunha ponencia marco.

- A coordinadora do COTSG, Nerea Fernández, asiste ao acto de presentación do Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.

- Emiliana Vicente, presidenta do CGTS, e Ana Vilar, vogal do CGTS e vicepresidenta do COTSG, acudiron ao evento de peche do proxecto desenvolto polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Dirección Xeral de Apoio ás Reformas Estruturais (DG-REFORM) da Comisión Europea para a Reforma do Marco Estatal de Provisión dos Servizos Sociais en España, no que se contou coa asistencia técnica da OCDE.

- Reunións (3) co Director Xeral de Xustiza para negociar colaboracións entre o sistema xudicial e o sistema social (+info)



- Reunión con José María Gómez, presidente do Tribunal Superior de Xustiza (+info)

- Asistencia á Graduación das novas e novos compañeiros da Universidade de Vigo.

- Reunión telemática co Consello interdisciplinar Condutas suicidas

- Reunión de traballo coa Fundación Salma e entidades colaboradoras para a revisión do Borrador do Acordo pola Mellora da Saúde Mental Infanto-Xuvenil (+info)

# REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA

- ✦ Reunión con representantes do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia co fin de unir forzas para mellorar o benestar social das persoas.



- ✦ Reunión do pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero ([+info](#)).
- ✦ Reunión coas Universidades galegas para a posta en Marcha de posibles Cursos de especialización, sobre Traballo Social Sanitario e de Supervisión.
- ✦ Reunión na que participan Nerea Fernández, Coordinadora do COTSG, Miriam Rodríguez, Presidenta do COTSG e Luz Campello, Xefa de Servizo de Traballo Social Sanitario na Área Sanitaria A Coruña - Cee, coa Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

- ✦ Visita e relatorio na Escola de Traballo Social de Santiago de Compostela co alumnado de 4º curso.



- ✦ Asemblea 2022



- ✦ XIV Congreso Estatal de Traballo Social e II Congreso Iberoamericano de Traballo Social



# FORMACIÓN

## INTRODUCCIÓN

As actividades de formación divídense en 4 apartados:


**CURSOS DE TELEFORMACIÓN** (Convocatoria Teleformación 2021): Desenvolvéronse 3 accións de carácter básico, non especializado, en modalidade de teleformación. Teñen como obxectivo favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permite conciliar a vida laboral, familiar e formativa. Esta formación vai dirixida, principalmente, ás persoas recentemente colexiadas, tituladas ou ás que se atopan en situación de desemprego co fin de ampliar a súa formación e os posibles campos de traballo, conxugando a formación demandada a un custo asequible. En paralelo, tamén se consegue promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.

**CURSOS ESTRATÉXICOS**: Programáronse 4 cursos de formación especializada en áreas ou materias de interese profesional amplo, en modalidade semipresencial. Trala situación de crise sanitaria, iniciada en marzo de 2020, mudou a modalidade formativa e, ante a inexistencia de garantías para programar sesións de formación presencial nesta anualidade, continuouse coa formación en modalidade virtual, evitando a presencialidade.

**WEBINARS E OBRADOIROS**: No ano 2022, impartíronse 5 pímulas formativas que permitiron afondar en coñecementos específicos de diversas áreas de interese para a colexiación. Adicionalmente, celebráronse 6 obradoiros adicados ao autocoidado profesional.

**FORMACIÓN DESENVOLVIDA EN COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES**: Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade online combinada con sesións virtuais.





## 4.3. Transferencia do coñecemento

# FORMACIÓN

Ao longo do ano 2022, executáronse 11 accións formativas no marco de diversos convenios de colaboración e/ou contratacións:



**INTRODUCCIÓN Á ÉTICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL:** Formación realizada en colaboración coa Deputación de Ourense, recollida no contrato “Servizo de asistencia técnica para realizar unha edición do curso “Introdución á Ética da Intervención Social desde os Servizos Sociais Municipais” (CF-11-2022).



**APUNTES PRÁCTICOS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES SOCIAIS** | Formación realizada en colaboración coa FEGAMP.



**TÉCNICAS E FERRAMENTAS PARA O TRABALLO SOCIAL CON GRUPOS** | Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) no marco do Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-03-2021)



**XESTIÓN DOS SS.SS COMUNITARIOS. UNHA PROPOSTA DESDE O TRABALLO SOCIAL.** | Ídem ao anterior.



**COMO FACER UN DIAGNÓSTICO SOCIAL** | Ídem ao anterior.



**INFORME SOCIAL. VALORACIÓN DE APOIOS** | Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. Inclusión) no marco do Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-18-2022)



**INFORME E DIAGNÓSTICO SOCIAL** | Ídem ao anterior.



**INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS SEN FOGAR** | Formación realizada ao abeiro da Deputación da Coruña a través do contrato para a acción formativa CD 1400.



**INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL** | Ídem ao anterior (Acción formativa CD 1401)



**INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS CON CONDUTAS ADICTIVAS** | Ídem ao anterior (Acción formativa CD 1447)



**INTERVENCIÓN ESPECIALIZADA A MULLERES QUE ENFRONTAN VIOLENCIAS MACHISTAS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E URXENCIA** | Formación desenvolvida no marco do Convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a posta en marcha dun servizo de quenda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.

Como aspectos novidosos de formación durante o 2022 cabe destacar, por unha bando o inicio do Espazo de Autocoidado "A Lareira Social" e por outra, o acordo da Xunta de Goberno para establecer descontos nas accións formativas.



### Espazo de Autocoidado "A LAREIRA SOCIAL"

O autocoidado é unha das liñas estratéxicas do COTSG. En consecuencia, deseñouse unha proposta formativa enmarcada no espazo de autocoidado "A Lareira Social", co fin de facilitar espazos que contribúan a mellorar o desempeño laboral e o estado emocional das e dos profesionais.

Esta prosposta comenzou a súa andadura en maio cunha serie de 6 obradoiros online, de carácter mensual, que se desenvolveron desde maio ata decembro (excepto xullo e agosto), a través dos que desde unha abordaxe práctica se pretenden facilitar ferramentas de autocoidado.



### DESCONTOS NO CUSTE DE ACCIÓNS FORMATIVAS

A formación permanente da colexiación é un dos fins do Colexio tal e como se recolle nos seus estatutos e constitúeun dos piares fundamentais da profesión. Neste sentido, a situación económica da entidade permitiu contar con excedentes orzamentarios que o Colexio acordou revertir en beneficio da colexiación, é por iso que se rebaixaron os prezos da formación ata un 50% co fin de promover e facilitar o acceso á formación de tódalas persoas colexiadas. Tralo acordo tomado na Xunta de Goberno do 11 de maio, toda a formación conta con ese desconto, asumido polo COTSG.

## FORMACIÓN EN CIFRAS

- 29 accións formativas
- 856 persoas participantes
- 900 horas de formación impartidas
- 42 docentes
- 9,0 puntos sobre 10 (valoración media da formación)

# CURSOS DE TELEFORMACIÓN

Realizáronse as 3 accións formativas previamente aprobadas na Convocatoria de Teleformación 2022



Intervención social con persoas con discapacidade.

INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE. IMPACTO DA NOVA REFORMA LEXISLATIVA		
Duración	Modalidade	Datas
100h	Teleformación	15 febreiro-15 maio
Docencia		
María Eugenia Veloso Osuna. Col. 1693		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
40	32	7,6



Acollemento familiar de menores do sistema de protección

ACOLLEMENTO FAMILIAR CON MENORES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN		
Duración	Modalidade	Datas
50h	Teleformación	21 abril-17 xuño
Docencia		
Carmen Dourado Col. 2920. Viviana Varela. Educadora social.		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
20	16	9,0



Coidar na casa. Intervención social con coidadoras informais

COIDAR NA CASA: INTERVENCIÓN SOCIAL CON COIDADORAS INFORMAIS		
Duración	Modalidade	Datas
100h	Teleformación	15 setembro-30 novembro
Docencia		
Victoria Abadía Colex. 2533		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
36	35	9,4

# CURSOS ESTRATÉXICOS



Elaboración de artigos científicos e sistematización de experiencias.

ELABORACION DE ARTIGOS CIENTIFICOS E SISTEMATIZACIÓN DE EXPERIENCIAS		
Duración	Modalidade	Datas
25h	Online con sesións virtuais	18 abril -27 maio
Docencia		
Diana Escobar, Col. 3769   Antonio García Vinuesa, Doutor en Educación		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
15	9	8,6



Xestión e Coordinación do Servizo de Axuda no Fogar. (3ª ed.)

XESTION E COORDINACION DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO (3ª ED.)		
Duración	Modalidade	Datas
35h	Online con sesións virtuais	2-20 maio
Docencia		
María Puga, Col. 1473   Mónica Rodríguez, Col. 752   Yolanda Vilar, Col. 2095		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
31	30	8,6



Traballo social forense en procesos civís e penais. Intervención con menores.

TRABALLO SOCIAL FORENSE EN PROCESOS CIVÍS E PENAIS. INTERVENCIÓN CON MENORES (3ª ED.)		
Duración	Modalidade	Datas
65h	Online con sesións virtuais	9 setembro-20 outubro
Docencia		
Flor Redondo. Traballadora Social Forense.		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
26	2	9,4



**ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS AO FINAL DA VIDA**

40h, online con sesións de videoconferencia

Do 3 de outubro ao 3 de decembro de 2022

Docente: Noelia Ordieres Buarfa-Mohamed

Prezo: Colex. en activo: ~~60€~~ agora: 32,50€  
 Colex. en desemprego: ~~30€~~ agora: 27,50€  
 Non colej.: ~~90€~~ agora: 65 €

\*50% do custo asumido polo COXES

ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS AO FINAL DA VIDA		
Duración	Modalidade	Datas
40h	Online con sesións virtuais	3 outubro -3 decembro
Docencia		
Noelia Ordieres. Traballadora Social		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
26	21	8,3

# PÍLULAS/WEBINARS



## Formación en liña:

### Detección e intervención en casos de racismo e xenofobia




Obradoiro [DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE RACISMO E XENOFOBIA]		
Duración	Modalidade	Datas
2h	Virtual	22 marzo
Docencia		
Gabriela Frias, Psicóloga   Esther Lora, Avogada   Sonia Mendes, Socióloga		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
78	33	8,6



Webinar [A HUMANIZACIÓN DA SAÚDE. O ACOMPAÑAMENTO NO PROCESO DE FINAL DA VIDA DESDE O TRABALLO SOCIAL]		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	7 abril
Docencia		
Noelia Ordieres, T. Social   María Jesús Lago, Col. 488		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
85	34	8,8




Obradoiro de Autocoidado [ESTOUME COIDANDO COMO PROFESIONAL?]		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	19 maio
Docencia		
Maika Sieiro, Col.1333		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
12	12	8,7



Obradoiro de Autocoidado [MINDFULNESS APLICADO AO TRABALLO SOCIAL]		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	16 xuño
Docencia		
Maika Sieiro, Col.1333		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
15	12	--



Pílula formativa [PRESENTACIÓI DO COTSG E SAÍDAS PROFESIONAIS]		
Duración	Modalidade	Datas
2h	Presencial	27 xuño
Docencia		
Tamara Fernández, Fe Sampayo		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
12	12	--



Obradoiro de Autocoidado [BIODANZA: CELEBRAR A VIDA E VOLVER AO SINXELO]		
Duración	Horas	Datas
2h	Virtual	29 setembro
Docencia		
Naiara González, Educadora social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
13	7	9,1



Obradoiro de Autocoidado [DESMONTANDO A ROMANTIZACIÓI DA NOZA PROFESIÓI]		
Duración	Modalidade	Datas
2h	Virtual	13 outubro
Docencia		
Iria Conde, T. Social   Lara Chenlo, Educadora social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
16	10	9,1

**QUE É?**

QUE TEN QUE VER CO XÉNERO?

POR QUE NOS AFECTA MÁIS ÁS MULLERES?

COMO VIVIMOS ISTO CADA UNHA NA NOSA PRÁCTICA DIARIA?

SOMOS REALISTAS EN CANTO Á MIRADA CARA A NÓS MESMAS?

CÓSTANOS TOLERAR OS AFECTOS POSITIVOS E O RECOECEMENTO POR PARTE DOS DEMAIS? SABEMOS PEDIR AXUDA?

A SÍNDROME DA IMPOSTORA.  
FERRAMENTAS PARA ENTERRAR Á NOSA IMPOSTORA

17 DE NOVIEMBRO, 16:30 - 18:30H

Obradoiro de Autocoidado [A SÍNDROME DA IMPOSTORA. FERRAMENTAS PARA ENTERRAR Á NOSA IMPOSTORA]		
Duración	Modalidade	Datas
2h	Virtual	17 novembro
Docencia		
Iria Conde, T. Social   Lara Chenlo, Educadora social		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
14	12	9,1

COÑECEDES O COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA?

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Pílula formativas [PRESENTACIÓN DO COTSG]		
Duración	Modalidade	Datas
2h	Presencial	18 novembro
Docencia		
Tamara Fernández, Fe Sampayo		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
62	55	--

TRABALLAR A ACEPTACIÓN E OS LÍMITES DA NOSA PROFESIÓN.

COMO PODER ACOMPAÑAR COIDÁNDOUS A NÓS MESMAS, ATOPAR O EQUILIBRIO, ESCOITA INTERNA- ESCOITA EXTERNA

TRABALLAR A CAPACIDADE DE PEDIR AXUDA E DEIXARME AXUDAR

UN ENCONTRO, UN VÍNCULO, DESGASTE POR EMPATÍA, CONSECUENCIAS DO VÍNCULO

15 DE DECEMBRO, 16:30 - 18:30H

Obradoiro de Autocoidado [UN ENCONTRO, UN VÍNCULO, DESGASTE POR EMPATÍA]		
Duración	Modalidade	Datas
2h	Virtual	15 decembro
Docencia		
Iria Conde, T. Social   Lara Chenlo, Educadora social		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
17	7	9,1

**PÍLULA FORMATIVA: FERRAMENTAS PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL**

24 DE NOVIEMBRO 16:30-19:30H ZOOM

- Persoas colexiadas e precolexiadas: de balde
- Persoas non colexiadas: 10€

Docente: Ana Adán

Formación en ferramentas dixitais e especialidade en metodoloxías áxil de xestión de proxectos.

PRAZAS LIMITADAS, CON PRIORIDADE PARA COLEXIADAS/AS INSCRITO/AS NAS LISTAS DE DOCENCIA DO COTSG.

PÍLULA FERRAMENTAS PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL		
Duración	Modalidade	Datas
3h	Videoconferencia	13 decembro
Docencia		
Ana Adán. Docente de ferramentas dixitais		
Inscripcións	Participantes	Grao satisfacción
46	6	9,1

# FORMACIÓN EN COLABORACIÓN




Introducción á Ética da Intervención Social  
2022

INTRODUCCIÓN Á ÉTICA DA INTERVENCIÓN SOCIAL (DEPUTACIÓN OURENSE)		
Duración	Modalidade	Datas
36h	Online con sesións virtuais	25 abril-15 xuño
Docencia		
José Antonio Seoane, Catedrático de Filosofía do Dereito, UDC.   María José Salvador, Graduada en Traballo Social. Profesora Asociada na Universidade de Valladolid   Natividad de la Red, Trabajadora social. Doutora en CC.PP e Socioloxía.   Cayetana Rodríguez, T.Social, experta en Ética.		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
15	10	7,9
Formación realizada en colaboración coa Deputación de Ourense, recollida no contrato "Servizo de asistencia técnica para realizar unha edición do curso "Introducción á Ética da Intervención Social desde os Servizos Sociais Municipais" (CF-11-2022).		



Técnicas e ferramentas para o traballo social de grupos

TÉCNICAS E FERRAMENTAS PARA O TRABALLO SOCIAL DE GRUPOS		
Duración	Modalidade	Datas
25h	Videoconferencia	1 marzo-3 maio
Docencia		
Lorena Pla, T. Social   Maitana Ortega, T.Social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
20	16	7,8
Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. <u>Inclusión</u> ) no marco do Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-03-2021)		



**COMO FACER UN DIAGNÓSTICO SOCIAL**

- 150h, online.
- Do 4 de abril ao 24 de xullo de 2022
- Docente: **Dr. Jonathan Regalado**
- Prezo: De balde

Dirixido prioritariamente, a T. Sociais colexiados/as en activo que desenvolvan a súa labor nos SS.SS Comunitarios. De haber prazas libres, poderá participar calquera outro/a profesional de T.Social colexiado/a.

INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA EN SAÚDE MENTAL E INCLUSIÓN		
Duración	Modalidade	Datas
150h	Online con sesións virtuais	4 abril-24 xullo
Docencia		
Jonathan Regalado, T. Social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
30	10	8,3
Formación realizada en colaboración coa Consellería de Política Social (D.X. <u>Inclusión</u> ) no marco do Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-03-2021)		





**A XESTIÓN DOS SS.SS COMUNITARIOS. UNHA PROPOSTA DESDE O TRABALLO SOCIAL**

A XESTIÓN DOS <u>SS.SS</u> COMUNITARIOS. UNHA PROPOSTA DESDE O TRABALLO SOCIAL		
Duración	Modalidade	Datas
50h	Online con sesións virtuais e presenciais	16 maio-23 xuño
Docencia		
Ignacio Crespo, T. Social   Luz Campello, T. Social   Pablo López, experto en RR.HH		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
36	33	8,4
Formación realizada en colaboración coa <u>Consellería</u> de Política Social (D.X. <u>Inclusión</u> ) no marco do <u>Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-03-2021)</u>		



**Informe social. Valoración de Apoios**

INFORME SOCIAL. VALORACIÓN DE APOIOS		
Duración	Modalidade	Datas
15h	Videoconferencia	12 - 23 setembro
Docencia		
Belén Novillo, T. Social   Marta Cubero, T. Social   Roberto J. Soto, <u>maxistrado</u>   María José Fernández, <u>avogada</u>		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
30	27	8,9
Formación realizada en colaboración coa <u>Consellería</u> de Política Social (D.X. <u>Inclusión</u> ) no marco do <u>Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-18-2022)</u>		



**Informe e Diagnóstico Social**

INFORME E DIAGNÓSTICO SOCIAL		
Duración	Modalidade	Datas
15h	Online con sesións virtuais	6 outubro-24 novembro
Docencia		
Juan Monsalve, T. Social   Eva Sales, T. Social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
33	32	7,8
Formación realizada en colaboración coa <u>Consellería</u> de Política Social (D.X. <u>Inclusión</u> ) no marco do <u>Contrato menor de formación especializada para traballadores/as sociais de SS.SS Comunitarios 2022 (DXIS-CM-18-2022)</u>		



**Intervención social con persoas sen fogar**

INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS SEN FOGAR		
Duración	Modalidade	Datas
30h	Online con sesións presenciais	18 abril-13 maio
Docencia		
Pablo Sánchez, Col. 1557		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
7	6	9
Formación realizada ao abeiro da <u>Deputación da Coruña</u> a través do <u>Contrato para a acción formativa CD 1400</u> .		



Deputación DA CORUÑA

intervención social con persoas con enfermidade mental

INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL		
Duración	Modalidade	Datas
30h	Online con sesións virtuais	19 maio-6 xuño
Docencia		
Eva Garcés, T. Social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
25	16	8,7
Formación realizada ao abeiro da Deputación da Coruña a través do Contrato para a acción formativa CD 1401.		



Deputación DA CORUÑA

intervención social con persoas con condutas adictivas

INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS CON CONDUTAS ADICTIVAS		
Duración	Modalidade	Datas
30h	Online con sesións presenciais	2-30 novembro
Docencia		
Eva Fontañá, Col. 1532		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
30	26	8,3
Formación realizada ao abeiro da Deputación da Coruña a través do Contrato para a acción formativa CD 1447.		



fegamp

Apuntes prácticos para a elaboración de Informes Sociais

APUNTES PRÁCTICOS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES SOCIAIS (FEGAMP)		
Duración	Modalidade	Datas
25h	Online con sesións virtuais	19 setembro-5 outubro
Docencia		
Ana Caamaño, Col. 1343   Eva González, Col. 1051		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
30	24	8,9
Formación realizada en colaboración coa FEGAMP (Curso 10).		



intervención especializada con mulleres e nenos/as vítimas de violencia sexual

INTERVENCIÓN SOCIAL CON MULLERES E NENOS/AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL		
Duración	Modalidade	Datas
30h	Online con sesións virtuais	16 novembro – 29 novembro
Docencia		
Ana García, T. Social   Julia Álvarez, Avogada   Karina Pérez, T. Social		
Inscricións	Participantes	Grao satisfacción
53	42	8,6
Formación desenvolvida no marco do Convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a posta en marcha dun servizo de garda de garda social, especializada e permanente, para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero.		

## OUTRAS ACTIVIDADES

- ✓ Organización dos Premios DMTS 2022: Recibíronse un total de 9 candidaturas, 1 para a modalidade de Investigación, 3 para a modalidade de Boas Prácticas e 5 para a de TFG-TFM e nomeáronse a 6 membros do xurado. O acto de entrega de premios realizouse online o 15 de marzo de 2022.
- ✓ Preparación da proposta formativa solicitada desde a FEGAMP sobre “Apuntes prácticos para a elaboración de informes sociais”.
- ✓ Preparación da proposta formativa solicitada desde a Deputación de Ourense sobre “Ética e intervención social”.
- ✓ Preparación das 3 propostas formativas solicitada desde a Deputación de Coruña sobre “Intervención social con persoas sen fogar”, “Intervención social con persoas con enfermidade mental” e “Intervención social con persoas con condutas adictivas”.
- ✓ Preparación das 2 propostas de Formación especializada dirixida ao persoal dos SS.SS Comunitarios (2022) presentadas á Consellería de Política Social (D.X. Inclusión).



# REVISTA FERVENZAS

A Revista Galega de Traballo Social: Fervenzas, édítase dende o ano 1997 coa misión principal de seguir dándolle voz a todas e todos os profesionais do Traballo Social. É unha revista cuxo valor engadido, é sen dúbida a multitude de temas tratados, ademais, dende diferentes niveis de análise, artigos dende a praxe profesional, investigacións, entrevistas, recensións bibliográficas e artigos sobre diferentes entidades da nosa contorna galega.

Fervenzas é unha revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia, con outro obxectivo primordial, conservar a nosa cultura a través da edición en galego.

Foi obxectivo fundamental do ano 2022 mellorar a revista, dando o paso importante cara a dixitalización e tamén dando prioridade a promoción da participación do colectivo profesional na mesma. Proseguimos así elaborando material divulgativo, campañas e cartaces nas redes, ademais de ofrecer formación específica na elaboración de artigos científicos.

## Saúde mental en menores tutelados: O papel do Traballo Social

Lucía Palacios Rodríguez

Revista Galega de Traballo Social : Fervenzas  
nº 24



## A ÉTICA E O TRABALLO SOCIAL

Comisión Deontolóxica do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Revista Galega de Traballo Social : Fervenzas



## Unha aproximación á intervención do Traballo Social Sanitario no período perinatal. Propostas de aplicación práctica para servizos de saúde

Mª de la O Fresco Torrente  
Emma Lamas Maceira


Revista Galega de Traballo Social : Fervenzas





# REVISTA FERVENZAS

Accións levadas a cabo durante o 2022:



- Novo aspecto da web Fervenzas, Revista Galega de Traballo Social.
- A web agora é máis interactiva, permítenos revisar artigo por artigo, así como buscar artigos por palabras clave.
- Posibilidade de suscripción a todas aquelas persoas que non son colexiadas do COTSG, desta maneira recibirán un mail cada vez que contemos cun contido novo.
- Celebración dos 25 anos de Fervenzas e presentación de todas as novidades anteriores, para isto, contamos cun logo especial.
- Presentación do nº especial 25 anos de Fervenzas.
- Difusión continua dos artigos publicados nos últimos números.





## 4.4. COMUNICACIÓN

### Notas de prensa:

- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia mostra o seu total apoio e colaboración despois da presentación do Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil. **(prema aquí)**
- Situación insostible para as profesionais do servizo de axuda no fogar na Galicia **(prema aquí)**
- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia alerta sobre o colapso estrutural nos equipos imelga coa chegada da lei 8/2021 de apoios as persoas con discapacidade **(prema aquí)**
- O COTSG alerta nesta volta ás aulas da progresiva amortización de prazas nos Equipos de Orientación Específicos **(prema aquí)**
- O COTSG insta a todas as Administracións e entidades a que coiden ás e aos profesionais do traballo social ante o esgotamento profesional cada día máis evidente **(prema aquí)**
- A Xunta incorre na desprotección sistemática á infancia galega debido á ausencia de políticas sociais claras **(prema aquí)**
- O COTSG solicita á Xunta de Galicia a aplicación de criterios uniformes para as persoas ás que afectou a compatibilidade entre a RISGA e o Ingreso Mínimo Vital (IMV) **(prema aquí)**
- O Colexio Oficial de Traballo Social da Galiza denuncia a decisión do Goberno municipal de Santiago de Compostela de manter o exame “en plena sexta vaga da pandemia” **(prema aquí)**



## 4.4. COMUNICACIÓN

### COTSG en medios:



Entrevista a Miriam Rodríguez na cadena Ser Galicia mostrando a total desconformidade do COTSG ante o anuncio do acordo para reforzar o IMELGA.



Ana Rodríguez intervén na ser para falar da coordinación e a necesidade de supervisión no sistema de servizos sociais.



Traballadoras sociais denuncian as condicións "insostibles" do servizo de atención no fogar.



Astraballadoras sociais lanzan un sos ante a "sobrecarga" laboral: "somos meras xestoras de axudas".



El desamparo obliga a la Xunta a internar de urgencia en residencias a 1.000 ancianos.



Pablo Antelo, vogal da xg do cotsg, fala sobre a cancelación da tarxeta básica



Traballadoras sociais urxen recursos e unha "protección eficaz": máis acompañamento, menos burocracia.



Ana Rodríguez, secretaria do COTSG, fala sobre os datos do novo informe da Asociación de directores e xerentes de servizos sociais sobre a financiación en dependencia.



Emma Seoane, a representante da Comisión de Infancia e Familia do COTSG, estivo expoñendo as conclusións do documento "diagnose e posicionamento sobre a situación das políticas de protección de infancia, adolescencia e familia en Galicia".



## 4.4. COMUNICACIÓN

### Artigos no BLOG



A nova Xunta Goberno do COTGS fálanos do Proxecto de Lei de Servizos sociais máis do Novo Modelo de atención [\(+info\)](#).



Proxecto de construción, posta en marcha e xestión de centros de atención a persoas maiores (CAM).

Durante a semana do Día Mundial do Traballo Social, e seguindo co fío da nosa Xornada: "O Traballo Eco-Social máis que nunca: a realidade do rural galego", queremos visibilizar proxectos vencellados ao rural e a un mundo máis sustentable. [\(+info\)](#).



Menores de idade en situación de acollemento familiar noutros países. Reflexión da Comisión de Infancia e familia do COTSG [\(+info\)](#).



Carballiza: Colectivo de acción rural.

Fany Vázquez, Traballadora Social e profesional do lecer educativo e Paula Buján, Profesora de Educación Primaria e profesional do lecer educativo presentan o proxecto: Carballiza, Colectivo de acción rural. [\(+ info\)](#).



Pablo Veiga: Traballo Social e Narrativa

Un proxecto literario desenvolvido desde ALUCEM -Asociación Lucense de Esclerose Múltiple- [\(+info\)](#).



Falta de profesionais do Traballo Social no ámbito educativo. Entrevista a Ana Sande Rodríguez, traballadora social do Equipo de Orientación Específico de Lugo (única praza sen amortizar).





## 4.4. COMUNICACIÓN

### **Resumos mensuais**

Desde o departamento de Comunicación, en colaboración con Coordinación, Emprego e Formación elabórase un resumo mensual no que queda constancia das actividades desenvoltas polo equipo de persoas traballadoras do COTSG e pola Xunta de Goberno. Dito resumo envíase no Fío semanal de fin de mes.

### **Mailchimp- Fíos e outras comunicacións vía correo electrónico.**

O departamento de Comunicación coordina, xunto coas demais áreas e a vogal de Comunicación de Xunta de Goberno, o envío dun Fío semanal á colexiación no que se recolle información e novas relacionadas coa entidade e de interese para a profesión e as novidades de formación e emprego. Ademais conta con:

- Envío de cuestións concretas de formación, diferentes campañas e emprego durante a semana.
- Campañas concretas e de interese para a profesión.



## 4.4. COMUNICACIÓN

### Redes sociais: Instagram, Facebook, Twitter, Youtube e Telegram.

- **Difusión de novas** autorreferencias e non autorreferencias pero de interese para a colexiación.
- **Elaboración de diferentes creacións**, vencelladas a cuestións concretas de formación, webinars e escritos remitidos polo COTSG.
- **Días sinalados:** Día mundial da saúde; Día mundial contra o cancro; Día dos dereitos humanos; Día Europeo da Medicación Día dos avós e avoas; Día mundial para a prevención do suicidio; Día da e do cooperante; Día internacional da igualdade salarial; Día Mundial do Alzheimer; Día internacional contra a explotación sexual e a trata de persoas; Día mundial da saúde mental; Día internacional da nena; Día Internacional para a erradicación da pobreza; Día internacional da protección da natureza; Día Internacional da muller rural; Día Mundial da loita contra o cancro de mama; Día internacional contra a violencia e o acoso na escola; Día internacional das persoas coidadoras; Día internacional das persoas con discapacidade; Día internacional da eliminación das violencias machistas; Día internacional das persoas migrantes,... Aquí algúns exemplos:



# 4.4. COMUNICACIÓN



# 5.SUBVENCIONES RECIBIDAS

---



FOENIA – CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONES DIRIXIDO  
A ENTIDADES PARA INVESTIMENTOS DE PROMOCION ECONOMICA,  
DURANTE O ANO 2022 (DEPUTACION DA CORUNA)

O colexio profesional renova a súa sede de xeito integral, grazas a Deputación de A Coruña, para mellorar os seus espazos interiores, renovando así o seu mobiliario - coa súa posterior doazón a aquelas entidades que o precisaban e o equipamento informático.

O obxecto foi crear un espazo amable, confortable e cercano para toda a colexiatura, adaptándose así aos novos contextos actuais, tanto sociais como tecnolóxicos.

# 6. DIA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL

*O Traballo eco-Social máis que nunca: a realidade do rural galego*  
*15 de Marzo ás 17:00h.*  
*Xornada online día mundial do Traballo Social*  
*COTSG 2022*

**MESA REDONDA**

*Unha mirada ética á construción eco-social nos ámbitos rurales*  
Natividad de la Red

*O aporte social e territorial da economía social*  
Rebeca Sánchez Andrade. Abeluria. Cooperativa Galega para a economía social.

*Arquitectura sostible e inclusiva*  
Carmen Figueiras

*Ecofeminismo e permacultura no Traballo Social*  
Marta Pernas

*Traballo Social no rural de Castilla-La Mancha*  
Carolina Jiménez Muñoz

**ENTREGA DE PREMIOS POLO DÍA MUNDIAL DO  
TRABALLO SOCIAL**

Premios categoría: TFG/TFM  
Premios categoría: Boas Prácticas  
Premios categoría: Investigación



# 6. DIA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL

O Día Mundial do Traballo Social 2022 xirou arredor do rural e da idea de construír un mundo máis sustentable.

Durante varias semanas compartimos varios proxectos que tamén xiran arredor destas ideas!



## PREMIOS DMTS

O obxecto dos **PREMIOS DO DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL** é recoñecer, premiar e divulgar traballos de investigación e boas prácticas relacionadas coa disciplina do Traballo Social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na categoría de Boas Prácticas, recoñécese á ""VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON ENFERMIDADE MENTAL "A MARIÑA" presentada por María José Nóvoa Rodríguez.

Na categoría de Traballo de Fin de Grao- Traballo de Fin de Máster, o TFG premiado é o titulado "IMPACTO DA PANDEMIA NA BIOGRAFÍA DAS E DOS PROFESIONAIS DA PROTECCIÓN Á INFANCIA E MOCIDADE DE GALICIA. Tocadas/os: a flote ou afondando" presentada por Noelia García Ferreiro.



**GRAZAS!**

